

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e dous de outubro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Visto o expediente nº 2021/C005/000010 para a contratación do contrato mixto de subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2021-2022 do Concello de Cambre, que foi remitido a esta Alcaldía.

Tendo en conta que o prazo de execución dos tres lotes que integran o contrato comeza o vindeiro 1 de decembro de 2021.

Por esta Alcaldía considérase debidamente motivada a urxencia da convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local co fin de acordar a incoación do citado expediente de contratación.

Dende a Alcaldía municipal considerouse debidamente motivada a urxencia da convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local co fin de acordar a aprobación do citado expediente de contratación.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co

establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal:

2º.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000010, por procedemento aberto simplificado, para adxudicar o contrato mixto de subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2021-2022 do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 14 de outubro de 2021, asínase polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, don José Luis González Cardalda, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, o informe técnico relativo aos criterios de valoración e solvencia esixible aos licitadores, penalidades e condicións especiais de execución do contrato.

Con data do 21 de outubro de 2021, elaborouse polos mesmos técnicos a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios e xustificación da elección do procedemento, para a contratación do contrato mixto de subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2021-2022 do Concello de Cambre, dividíndose o obxecto do contrato en tres lotes, e cun valor estimado total de **34.473,92** euros e un orzamento base de licitación de **40.875,00** euros, así como o prego de prescricións técnicas particulares.

O obxectivo final da campaña é promocionar a actividade comercial e empresarial local e contribuír así ao mantemento e creación do emprego a nivel municipal, logrando a satisfacción dos/as comerciantes e da cidadanía participante nela.

Concretamente o obxecto do contrato consiste na organización e desenvolvemento da Campaña de Dinamización Comercial de Nadal 2021-2022, que comprende as seguintes actividades:

- Subministración de catro grupos decorativos para instalar nas principais áreas comerciais do municipio inspirados nas árbores de Nadal do Concello de Cambre.
- Retirada das dependencias municipais, revisión e acondicionamento e entrega nos establecementos participantes na campaña das árbores de propiedade municipal (aprox. 195 unidades).
- Posta a disposición de lotes/caixas de produtos do Nadal para os premios do “Rasca e gaña” de Nadal.
- Produción e entrega de carteis, bonos para o “Rasca e gaña”, boletos e soportes para a difusión da campaña.
- Realización dunha campaña en redes sociais para difundir a campaña de dinamización comercial de Nadal.
- Creación dunha Web a través da cal xestionar o XIII Concurso de Escaparates de Nadal.

Co fin de dar cumprimento aos obxectivos establecidos, e de conformidade co establecido no artigo 99.3 da LCSP, o contrato licítase en tres lotes, xa que así o permite a súa natureza e obxecto, estando prevista a realización independente de cada unha das súas partes mediante a dita división en lotes.

Os lotes son:

- **Lote 1:** Subministración de catro grupos decorativos para instalar nas principais áreas comerciais do municipio e revisión, acondicionamento e distribución das árbores de Nadal de propiedade municipal entre os establecementos participantes na campaña.

- **Lote 2:** Subministración dun total de 155 lotes de produtos do Nadal, 150 valorados en 65,00 euros cada unha deles e 5 valorados en 125,00 euros cada unha deles, para entregar como premios cos “Rasca e gaña” e nas restantes promocións do Nadal.
- **Lote 3:** Subministración de elementos gráficos de difusión, realización dunha campaña en redes sociais e creación dunha Web para o Concurso de Escaparates de Nadal.

Constan os documentos de retención de crédito emitidos pola Intervención municipal e asinados o 10 de maio de 2021 respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente nas seguintes aplicacións orzamentarias:

- 2.500,00 euros na aplicación 433.22602 (publicidade e propaganda desenvolvemento empresarial)
- 28.000,00 euros na aplicación 433.22699 (outros gastos diversos promoc. activ. económica)
- 24.950,00 euros na aplicación 433.48100 (bolsas e premios promoción empresarial)

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159 e seguintes da LCSP

Consta a providencia desta concellería, de data 21 de outubro de 2021, de inicio do expediente de contratación.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e interventor municipal, de data 21 de outubro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, co fin de promover a actividade comercial e empresarial local e contribuír así ao mantemento e creación de emprego a nivel municipal, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, os concellos poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como polo disposto no artigo 3.3.a) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en virtude da cal non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade da prestación de servizos xa establecidos, isto tendo en conta que o impacto da Covid-19 afectou ao desenvolvemento das actividades de amplos sectores da economía, polo que se fai preciso reactivar progresivamente a actividade económica, e particularmente a dos sectores máis afectados pola devandita situación, como poden ser o transporte, o turismo, a cultura, o comercio polo miúdo e a hostalería e restauración, entre outros, que deben empezar a recuperar o seu pulso de forma progresiva, todo o cal constitúe a necesidade para satisfacer coa presente contratación, co que queda debidamente xustificada a necesidade da contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C005/000010, por procedemento aberto simplificado, para adxudicar o contrato mixto de subministracións e servizos correspondente ao desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2021-2022 do Concello de Cambre, dividíndose o obxecto do

contrato en tres lotes, e cun valor estimado total de **34.473,92 €** euros e un orzamento base de licitación de **40.875,00** euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta das aplicacións orzamentarias 433.22602, 433.22699 e 433.48100.

Cuarto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

A responsable da Axencia de Desenvolvemento local dona Ana Portela Torrón, e como suplente, a axente de desenvolvemento local dona Sonia Machín Herranz

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Quinto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Sexto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Sétimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Juan González Leirós

María Luisa de la Red Ampudia